

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

5972 *Orde APA/513/2020, do 8 de xuño, pola que se modifican os anexos I e II do Real decreto 389/2011, do 18 de marzo, polo que se establecen os baremos de indemnización polo sacrificio de animais no marco dos programas nacionais de loita, control ou erradicación da tuberculose bovina, brucelose bovina, brucelose ovina e cabrúa, lingua azul e encefalopatías esponxiformes transmisibles.*

Mediante o Real decreto 389/2011, do 18 de marzo, polo que se establecen os baremos de indemnización polo sacrificio de animais no marco dos programas nacionais de loita, control ou erradicación da tuberculose bovina, brucelose bovina, brucelose ovina e cabrúa, lingua azul e encefalopatías esponxiformes transmisibles, establecéronse os citados baremos para as referidas enfermidades.

Tendo en conta a evolución do mercado, e en consonancia co disposto na normativa europea, cómpre proceder á actualización parcial dos baremos recollidos nos anexos I e II do Real decreto 389/2011, do 18 de marzo.

Conforme o establecido na disposición derradeira segunda do Real decreto 389/2011, do 18 de marzo, facúltase o daquela ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño (actual ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación) para actualizar a contía dos valores dos anexos I e II dese real decreto en función dos prezos de mercado, disposición que resulta de aplicación neste caso.

No procedemento de elaboración desta norma foron consultados as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Así mesmo, en cumprimento do previsto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, este proxecto someteuse ao procedemento de información pública.

Esta norma adecúase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste sentido, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, xa que se trata do instrumento máis adecuado para garantir que a normativa se aplica dun modo homoxéneo en todo o territorio nacional, o que garante o interese xeral. Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade, pois non se impoñen restricións ou obrigacións aos destinatarios. En canto aos principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, a dita norma adecúase a eles xa que é coherente co resto do ordenamento xurídico e se procurou a participación das partes interesadas, evitando cargas administrativas.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. Modificación dos anexos I e II do Real decreto 389/2011, do 18 de marzo, polo que se establecen os baremos de indemnización polo sacrificio de animais no marco dos programas nacionais de loita, control ou erradicación da tuberculose bovina, brucelose bovina, brucelose ovina e cabrúa, lingua azul e encefalopatías esponxiformes transmisibles.

Un. Os números 1 e 3 do anexo I do Real decreto 389/2011, do 18 de marzo, polo que se establecen os baremos de indemnización polo sacrificio de animais no marco dos programas nacionais de loita, control ou erradicación da tuberculose bovina, brucelose bovina, brucelose ovina e cabrúa, lingua azul e encefalopatías esponxiformes transmisibles, quedan redactados como segue:

«1. O baremo será do 85 por cento dos valores seguintes, en función da aptitude dos animais:

Vacún de aptitude cárnica (de lida incluído)

Idade	Euros
Igual ou inferior a un mes.	196,00
Superior a un mes e igual ou inferior a 3 meses.	307,00
Superior a 3 meses e igual ou inferior a 9 meses.	401,93
Superior a 9 meses e igual ou inferior a 18 meses.	481,77
Superior a 18 meses e igual ou inferior a 24 meses.	514,47
Superior a 24 meses e igual ou inferior a 48 meses.	707,26
Superior a 48 meses e igual ou inferior a 84 meses.	643,08
Superior a 84 meses e igual ou inferior a 120 meses.	481,87
Superior a 120 meses.	321,54

Vacún de aptitude leiteira

Idade	Euros
Igual ou inferior a un mes.	147,13
Superior a un mes e igual ou inferior a 3 meses.	284,00
Superior a 3 meses e igual ou inferior a 10 meses.	602,56
Superior a 10 meses e igual ou inferior a 17 meses.	682,39
Superior a 17 meses e igual ou inferior a 24 meses.	715,09
Superior a 24 meses e igual ou inferior a 48 meses.	907,88
Superior a 48 meses e igual ou inferior a 72 meses.	843,71
Superior a 72 meses.	321,54»

«3. O baremo será do 100 por cento no caso de baleiro sanitario.

A contía resultante en cada caso incrementarase nas seguintes porcentaxes, todas acumulables:

A) Un dez por cento nos casos de pertenza da explotación a unha agrupación de defensa sanitaria gandeira.

B) Un cinco por cento se se trata de gando ecolóxico certificado.

C) Un cinco por cento se se trata de razas autóctonas das incluídas no Catálogo oficial de razas de gando en España, previsto no número 1 do anexo I do Real decreto 45/2019, do 8 de febreiro, polo que se establecen as normas zootécnicas aplicables aos animais reprodutores de raza pura, porcinos reprodutores híbridos e o seu material reprodutivo, se actualiza o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras e se modifican os reais decretos 558/2001, do 25 de maio; 1316/1992, do 30 de outubro; 1438/1992, do 27 de novembro, e 1625/2011, do 14 de novembro, sempre que se trate de animais rexistrados no correspondente libro xenealóxico.

Malia o anterior, as comunidades autónomas poderán limitar a contía final que se percibirá nun máximo de 1.500.000 euros por explotación.»

Dous. O número 4 do anexo II do Real decreto 389/2011, do 18 de marzo, polo que se establecen os baremos de indemnización de animais no marco dos programas nacionais de loita, control ou erradicación da tuberculose bovina, brucelose bovina, brucelose ovina e cabrúa, lingua azul e encefalopatías esponxiformes transmisibles, queda redactado como segue:

«4. Incrementarase o resultado das anteriores contías nas seguintes porcentaxes ou contías, todas acumulables:

- A) Un dez por cento nos casos de pertenza da explotación a unha agrupación de defensa sanitaria gandeira.
- B) Un cinco por cento se se trata de gando ecolóxico certificado.
- C) Un cinco por cento se se trata de razas autóctonas das incluídas no Catálogo oficial de razas de gando en España, previsto no número 1 do anexo I do Real decreto 45/2019, do 8 de febreiro, sempre que se trate de animais rexistrados no correspondente libro xenealóxico.
- D) Na cantidade de 6,01 euros en caso de sacrificio dos animais na explotación ou en planta de transformación ou en caso de comiso do canal en matadoiro, para compensar o valor carne perdido.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 8 de xuño de 2020.—O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas Puchades.